

# DELAS FEST 2020

# PINTANDOSDELASFEST



# ACULTURASEGUE

## CONVOCATORIA DE 8 BOLSAS A MULLERES ARTISTAS PARA PARTICIPAR NA DELAS JAM

A **DELAS JAM** nace coa vontade de facilitar espazos seguros e libres de violencia machista para a creación experimental, o diálogo e o intercambio de experiencias entre mulleres artistas nun contexto lúdico. Enmarcada na programación da **segunda edición do festival feminista de arte urbana e contextual DELAS FEST**, a actividade procura favorecer o desenvolvemento do talento feminino con liberdade creativa e sen competencia entre participantes.

Co fin de apoiar e promover a implicación neste encontro de improvisación pictórica, desde **7H Cooperativa Cultural**, co apoio da **Xunta de Galicia** e a colaboración da **Cidade da Cultura** e **Montana Colors**, lanzamos a convocatoria de **8 BOLSAS DE AXUDA ECONÓMICA** destinadas a mulleres artistas que queiran participar do evento atendendo ás seguintes bases:

### 1. DESTINATARIAS:

Esta convocatoria está dirixida a escritoras de grafiti e artistas de calquera nacionalidade, desde os 16 anos en diante.

### 2. TEMÁTICA:

As artistas disporán de total liberdade á hora de crear as súas intervencións, sen que se vexan limitadas respecto á temática e/ou execución artística.

### 3. LUGAR E DATA:

Esta primeira edición da DELAS JAM celebrarase o **sábado 12 de setembro de 2020** no Xardín do Teatro da Cidade da Cultura. Terá lugar en horario de 17:00h a 19:30h e celebrarse no marco das xornadas "Mulleres e Cultura Urbana".

### 4. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E COMPROMISOS DA ORGANIZACIÓN:

Cada artista seleccionada percibirá **200€ + IVE** pola súa participación.

A organización facilitará a cada participante 7 botes **MTN 94**: 1 negro RV-9011, 1 branco RV-9010, 1 maxenta RV-4010, 1 laranxa RV-106, 1 amarelo RV-109, 1 violeta RV-173 e 1 verde FLúor. Igualmente, entregaranse a cada artista as caps necesarias para a súa intervención.

A dimensión total aproximada da superficie a intervir será de 4 metros de longo x 1 metro de alto. As pezas realizaranse sobre papel de celofán e manteranse no espazo público como intervención efémera ata, como mínimo, o **20 de setembro de 2020, data de finalización do II Delas Fest**.

A organización comprométese a dar difusión a todas as intervencións artísticas realizadas no marco da convocatoria.

### 5. SOLICITUDE:

A solicitude realizarase exclusivamente a través de medios electrónicos mediante o envío dun correo a **7hcoop@7hcoop.gal** antes do **18 de agosto de 2020**.

### Cada solicitude deberá incluír:

- **Datos persoais.** Nome completo, DNI ou equivalente, data e lugar de nacemento.
- No caso de aspirantes menores de idade, é precisa autorización expresa da nai, pai ou titor/a legal.
- **Dossier artístico.** Constará, como mínimo, de 5 pezas individuais realizadas con anterioridade á convocatoria.
- **Carta de motivación.** Como non é preciso presentar bosquexo da peza a realizar, a solicitante debe indicar as súas motivacións para participar nun texto de 850 caracteres (espazos incluídos) coma máximo.

### 6. RESPONSABILIDADES DAS ARTISTAS E DEREITOS DAS ARTISTAS

- As participantes realizarán a súa intervención unicamente nos espazos concretos pola organización e só durante o 12 de setembro -día previsto para o evento- **entre as 17.00 e as 20.00 horas**. Debido á actual situación sanitaria, cada artista participante deberá levar máscara durante o evento e intentar gardar as distancias de seguridade pertinentes, tal e como indique a organización do evento e seguindo a normativa vixente nesa data.
- A organización e custo do desprazamento e aloxamento, se fose preciso, corre por conta de cada artista.
- É responsabilidade das artistas manter o carácter feminista e sororo da xornada. Non se tolerarán contidos e/ou comportamentos misóxinos, xenófobos, homófobos ou que, de calquera outro xeito, atenten contra a dignidade das persoas.

- As artistas ceden os dereitos non-exclusivos de reprodución das súas obras a 7H Cooperativa Cultural e á Xunta de Galicia con atribución da súa realización durante a Delas Jam para a súa reprodución impresa ou dixital con fins de comunicación e difusión sen ánimo de lucro.

- Os datos e a información incluída nas solicitudes serán tratados de conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección e tratamento de datos persoais (Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e a súa normativa de desenvolvemento). As artistas ceden os sus datos de contacto (email, nome e apelidos) a 7H Cooperativa Cultural para fins exclusivamente culturais, co obxectivo de informar dos proxectos da cooperativa. Os datos facilitados só serán empregados para este fin e en ningún caso serán vendidos e/ou empregados por terceiros, podendo revocar esta cesión en calquera momento.

O envío da solicitude implica a aceptación total das bases desta convocatoria.

### 7. CRITERIOS DE SELECCIÓN E RESOLUCIÓN:

Un xurado integrado pola comisión de xénero do Delas Fest elixirá ás artistas participantes. Os criterios a valorar serán a calidade artística, a traxectoria das aspirantes e a coherencia do seu traballo coa liña feminista do festival.

O fallo comunicarse persoalmente ás aspirantes seleccionadas e a listaxe completa será difundida publicamente antes do **24 de agosto de 2020**.

